

Curso de inglés. Nivel B2

Organízanse 2 tipos de cursos, cursos cuatrimestrais e cursos intensivos:

TIPO: Cuatrimestral

DURACIÓN: 110 horas dividido en dous cuatrimestres de 55 horas cada un:

- 1º cuatrimestre (setembro-décembro) – B2.1
- 2º cuatrimestre (xaneiro-maio) – B2.2

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra

EXAME: realízase un exame de nivel ao finalizar o segundo cuatrimestre

TIPO: Intensivo

DURACIÓN: 80 horas. Os cursos intensivos convócanse principalmente no período estival.

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra

EXAME: realízase un exame de nivel ao finalizar o curso

Obxectivos

Adquirir coñecementos intermedios de lingua inglesa. Dirixido a persoas con coñecementos de nivel intermedio da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel B2 adquirese cando o/a estudante é capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, ata aqueles de carácter técnico sempre que estean dentro do seu campo de especialización; cando pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte de ningún dos interlocutores; e cando pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

Como acceder

O requisito para acceder ao curso de nivel B2 é que as/os solicitantes teñan coñecementos de inglés, que debe acreditarse aportando un certificado de nivel B1 ou realizando unha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos.

- Nivel Intermedio 2 da EOI
- Acreditación de nivel B1 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación B1 CertAcles
- PET Cambridge
- ISE I Trinity
- TOELF 57-86
- Puntuación 4-5 no exame IELTS.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

Prezos por cuadrimestre (IVE inc.)

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

Prezos curso Intensivo (IVE inc.)

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 312 €

Público en xeral: 380 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.